

# NOME CIENTÍFICO

*Liquidambar styraciflua*

## Descrición:

Árbore que pode acadar, de maneira habitual, os 20-35 metros de altura e un diámetro de tronco de 1-2 metros. Os exemplares de curta idade presentan no seu tronco unhas excrescencias, características do xénero liquidámbar, laminares e descontinuas que lle dan un aspecto inconfundible.



82

**Familia:** Altingiaceae

**Orixe:** Nativo do leste e sueste de EE.UU

**Nome común:** Liquidámbar



83

**As súas follas** son grandes, duns 20 centímetros aproximadamente, e presentan habitualmente cinco lobulacións puntiagudas.



85

Trátase dunha especie monoica, con **flores** masculinas e femininas, que se agrupan en inflorescencias péndulas. As masculinas con forma racemosa e as femininas esférica.



84

**Os seus froitos** son péndulos tamén, pesados, secos e globosos. As sementes espállanse por anemocoria.

# *Liquidambar styraciflua*

## **Hábitat**

Nativo das zonas temperadas do este de EE.UU, onde prefere as baixas e medias altitudes (uns 800 metros). É unha especie característica dos bosques húmidos.

## **Usos ou propiedades**

Foi moi utilizada polas tribos nativas norteamericanas como planta medicinal. Dela aproveitaban a goma, a codia e a raíz como antidiarreico, as veces tamén como febrífugo e sedante. Presenta certo uso como árbore ornamental debido a que a súa floración outonal é moi vistosa.

## **Categoría IUCN**

Preocupación menor (LC)

## **Curiosidades**

O nome de “liquidámba” foille dado por Linneo debido a que a súa resina é de cor amarelo e semella ámbar líquido.